

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADICIÓN ORAL

CORTE Nº 5 CINTA 4



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO:

MPG_SaVi_0004_005_en_0_11_20_id629 _D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0004_005_en_0_11_20_id629.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o quinto corte dos que se divide a cuarta das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala da carpintería de ribeira e explica en que consiste calafatear unha embarcación.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcricións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 24 de xullo de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
Lugar/ aldea/ barrio: O Carmen
Parroquia: O Carmen
Concello: Moaña
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse como foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que se está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, embarcación, estaleiro, carpintería de ribeira, Domaio, calafatear, brea, alcatrán

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRICIÓN DO CORTE Nº 5 DA CINTA 4



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Vamos falar dalgo si se acorda da carpintería de ribeira, ¿aquí había moitos asteleiros para facer barcos?

R: Aquí o tipo, tipo para facer barcos había o Cabanelas de Meira.

P: Cabanelas de Meira, en Domaio había tamén ¿non?

R: En Domaio era moitos anos (?) moitos carpinteiros de ribeira, que se buscaban para jalafatear.

P: ¿Para?

R: Jalafatear, ¿sabes que é?. A xunta da cubiarta dos barcos de máquinas, para meterlle estopa, e aí é donde metían o... a brea e o alquitrén no arrastre. Eran barcos coma de máquina todos ¿non? E durante a seifa tiñan un mes ou dous meses de repoblación, andaban á palometa, ó bonito e ó arrastre, dábanlle unha reparación, entón levaban ó carro pois logo... e eses de Domaio sempre, de medios particulares na zona, ubicábanse... nesa zona e poñíanse os barcos e hala.

P: A calafatear.

R: Hai un home por aquí que vive aí no Real¹, que ten así un pouquiño chepa, moitos barcos que jalafateou moitos. Esas xuntas teñen que levar alquitrén, porque despois ó inchar o barco, ó chegarlle a humedade, a brea empeza a enfriar e empeza a facer presión ¿non? E hai veces que teñen que levar eles mesmos, levaban unha rasqueta de ferro con unhas puntas para rascar...

P: O que lle sobresalía cando...

R: Porque tropezaban os peixes aí.

P: E estes tipos de todos astilleros por aquí, estes que tiñan unha concesión de Obras de Puerto. Tiñan que pedir permiso ¿non?

R: O Casqueiro o vello, o sea o vello, .. (?) ese, dicen que e eu considero que o Casqueiro o vello, e inda está agora.

P: Si inda queda agora si.

R: Tiña por exemplo tantos anos, pero nunca se terminan os anos.

P: ¿E normalmente que tipo de construcións facían de barcos?

R: Facían chalanas, botes...

P: Chalanas, botes, traineras.

R: Teño visto facer algunhas.

P: E os barcos, que eran despois da ardora, tamén os facían aquí ou comprábanos fóra.

R: Eu con este iba moitas veces teño ido ó Casqueiro, a jalafatear a cubiarta.

P: ¿E donde o fixo este barco²?

R: Esta reparación que ten agora aí, fíxoma o Casqueiro.

P: O Casqueiro.

R: A proa fíxenlle unha reparación de 14 metros.

P: ¿De canto?

R: 14 metros.

P: E aí xa usaban outro tipo de ferramentas para traballar ¿non? ¿E que madeiras usaban mais ou menos para facer os barcos?

P: ¿E que madeiras usaban mais ou menos para facer os barcos? ¿que tipos de madeiras eran boas?

R: Carballo.

P: Carballo.

¹ Barrio novo construído a partir de 1960, dentro do que era o Marquesado de Méndez Núñez

² O seu barco "María del Carmen"



R: Roble.

P: Eran casi todos de roble.

R: E castaño algunhas, e despois...

P: Eso o que era o casco.

R: O que era o cuadrado, as costillas.

P: Si as cuadernas vamos.

R: As cuadernas, despois o banzo de pino.

P: ¿O banzo que é?

R: O banzo...

P: Son as tablas que rodean... as que van a...

R: O barco. Rodean o blanco todo ese, o casco.

P: Si ese é o que chaman o casco todo é o banzo que van pegados nas cuadernas.

R: Despois veu o pino blanco, despois veu o pino tea...ese pino tea...(?)

P: ¿Todo?

R: Si bueno pola cubierta pino roxo.

P: Pola cubierta pino roxo e ¿o puente tamén?

R: Si o puente é tea.

P: É tea.

R: Antes facían todo de pino blanco, todo.

P: Era pino do país sacábanno de aquí do monte ou traíanno de fóra.

R: Pino país. E as traineras, as facían todas de pino, as cuadernas.

P: E os remos e todo.

R: Remos e todo, todo de pino.. (?)

P: Eu teño entendido que Ferradás³ alá, Ferradás e Verdeal⁴ que teñen feito cantidad de barcos.

R: Ferradás o vello.

P: O vello si.

R: Fixo moitos barcos.

³ Benito Ferradás Piedras foi alcalde de Moaña dende 1954 ata 1962

⁴ Propietarios de asteleiros en Domaio